

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE GOBERNO CORRESPONDENTE Ó
DÍA 25 DE XANEIRO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecinco de Xaneiro de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro. Atópase presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde accidental, de seguido pásase ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno rectifica o erro padecido na sesión anterior sobre o presuposto da Mostra Internacional de Teatro, no senso de sinalar un montante de 15.000.000 pesetas e non 20.000.000 pesetas.- Feita esta observación, a Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 15 de Xaneiro corrente.

2.- OBRAS.-

Visto o expediente que se tramita a instancia de Residencial Ribadavia S.L., representada por Don Jerónimo Docampo Martínez, veciño de Sampaio, para a edificación dun inmoible composto de soto, baixo e cinco plantas, con 30 vivendas, na rúa Ribeiro, nesta Vila, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda dar traslado ó interesado, ós conseguintes efectos legais, do informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que ten o teor seguinte: "Visto o expediente, cos seus antecedentes, informes e demais circunstancias, sendo o último informe de data 24 de Xullo de 1992, salvo o mellor criterio deberá aportar ANEXO ó proxecto de execución do 27 de Decembro de 1989, para a súa adaptación ás esixencias actuais da NBE CPI-91, Decreto 311/1992 do 12 de Novembro e concordantes, así como encargo de dirección".

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Gil Alvarez Couto, veciño desta Vila, no que prega licencia de ocupación para o inmovible que construiu na rúa López Ramón, segundo o proxecto visado o 9 de Marzo de 1990, a Comisión de Goberno, acorda non concede-la licencia interesada, tendo en conta que no informe técnico do Sr. Aparellador Municipal sinálase que o inmovible de referencia conta cunha terceira planta retranqueada con fachadas sobre faldóns dianteiros de cuberta, non aparecendo tal volume no devandito proxecto técnico.- En vista disto, tamén a Comisión de Goberno, e tendo en conta que o inmovible non se axusta á licencia concedida en 2 de Xullo de 1990, acorda comunicar ó interesado que debe presenta-lo correspondente proxecto técnico, redactado por facultativo competente, que comprenda esa terceira planta retranqueada, por se é posible a legalización da mesma, coa advertencia de que, se non fose legalizable, levarase a cabo o trámite de derrubamento do ilegalmente construído; a presentación do devandito anexo terá que facerse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación deste acordo.

Visto o escrito de Don Enrique Nogueira Ferradás, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yáñez, 28-30, no cal recorre, en trámite de reposición, contra o acordo acadado por esta Comisión na súa sesión do 28 de Decembro de 1992, sobre o expediente nº 43 do Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda estima-lo recurso, deixando sen efecto a liquidación practicada, e aprobando unha nova, segundo as instrucións que facilita neste acto o Secretario-Interventor accidental, tomando como base un valor catastral do inmovible transmitido por importe de 1.012.333 pesetas, do que resulta unha base imponible de 242.960 pesetas, e unha cuota a ingresar do 22%, o que supón a cantidade de 53.415 pesetas.

Visto o escrito de Don José Martínez Sánchez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, nº 17, 1º, no que fai unha serie de alegacións ás liquidacións practicadas por ocupación con vala, na rúa Otero Pedrayo, debidamente notificadas no escrito nº 2442, do 28 de Decembro de 1992, segundo o acordo da Comisión de Goberno do día 23-XII-92, a Comisión de Goberno non pode ter en conta as alegacións formuladas polo asinante no seu escrito, ó que hai que calificar pola pureza do procedemento como recurso de reposición, no senso de establecer que esta taxa ten que ser satisfeita pola empresa constructora, dado que na Ordenanza Fiscal nº 16, que rexe este prezo público, no seu artigo 2º, establece que están obrigados ó aboamento deste prezo público as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias; daquela, a licencia de construción outorgouse no

seu día a Don José Martínez Sánchez, que como se ve, é o obrigado ó correspondente aboamento da taxa do prezo público de que se trata.

Vista a solicitude de Don Francisco Gulín Iglesias, veciño desta Vila, que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha vivenda da súa propiedade, sita no lugar da Foz, nº 29, para a súa ampliación, a Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Tendrá que ajustarse a la Ordenanza que figura en la "Identificación del Núcleo", punto nº 7, excepto la parcela mínima (300 m/2).- Cabe destacar: tipología (ampliación), tendrá la condición de aislada. Siempre que exista acuerdo entre los colindantes se permitirá adosar las edificaciones.- Altura máxima: planta baja y piso, con ocho metros.- Condiciones de volumen: las referidas a la parcela mínima.- Retranqueos de los cierres al viario: por tratarse de ampliación se mantiene la actual.- Reforma: no se darán los supuestos de fuera de ordenación.- Si no es posible el cumplimiento del punto 7 se podrán realizar obras de remodelación sin alterar las alineaciones ni aumentar el volumen.- Es de aplicación la normativa concordante.- Se presentará proyecto técnico".

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ás acometidas de auga da rede pública municipal, para usos domésticos, ós señores que de seguido se sinalan, e baixo a supervisión do señor encargado deste servicio municipal: A Dona María Antonia Muriel Pérez, no inmovible Travesía Ribeiro, nº 1, 1º D, de Ribadavia; a Don Manuel López Pousa, no inmovible sito na Travesía Ribeiro, 1, 1º C, de Ribadavia; e Don José Vázquez Alvarez, no inmovible sito na estrada de Francelos, nº 3, de Francelos.- Cada un dos sinalados señores fará aboamento na Tesourería Municipal da cantidade de 7.000 pesetas, importe da taxa por esta concesión segundo a correspondente Ordenanza Fiscal, sen o cal requisito estas autorizacións ficarán nulas e sen efecto.

A Comisión de Goberno toma nota do escrito, do 15 de Xaneiro corrente, asinado por Dona Carmen Fernández Viñas, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, nº 10, 1º, que fai referencia ó contrato de alugamento do seu local sito na Praza Maior, nº 10, onde está provisionalmente a Praza de Abastos desta Vila, sobre o concreto aluguer nos meses de Outubro, Novembro e Decembro de 1992.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión de Goberno os seguintes:

Informe do Sr. Aparellador Municipal, sobre obras levadas a cabo na Rectoral de San Andrés pola correspondente Cooperativa de traballadores da que foi Escola Obradoiro desta Vila.

Dous informes do mesmo Sr. Aparellador Municipal, que fan referencia ó replanteo dos terreos nos que se proxecta a construción da Casa de Cultura nesta Vila.

Escrito do Colexio Público de E.X.B., desta Vila, que anuncia a conmemoración do DIA DA PAZ, o vindeiro día 29, venres, acordando a Comisión de Goberno a colaboración da Policía Local para a mellor organización da cadea humana que levará a cabo o devandito Colexio dende o inmovible da Concentración cara á Alameda, desta Vila.

Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, sobre licencia por asuntos persoais a Dona María Purificación Alvarez López, Matrona de Ribadavia.

Escrito da Consellería de Traballo e Servicios Sociais, sobre funcionamento de novas residencias da terceira idade en Burela (Lugo) e Pontevedra, acordando dar a este evento a maior difusión.

Visto un escrito do Servicio de Consumo, Delegación Provincial de Ourense, sito na Avda. Zamora, 13, 3º, sobre información ós veciños do Concello sobre os dereitos dos consumidores e usuarios, a Comisión de Goberno, acorda que pola Sra. Concelleira de Consumo, se tome nota da programación do correspondente calendario de datas para levar a cabo estas charlas, previstas para a vindeira primavera, suxerindo que as mesmas teñan lugar precisamente no Centro Social desta Vila.

Por último, coñece a Comisión dous escritos do Goberno Civil, que fan referencia ós establecementos públicos, nomeados Kanal-4 e Café Bar Berlín, acordando que se acaden os antecedentes correspondentes sobre a titularidade destes concretos establecementos para dar cumprimento no seu caso ó sinalado no artigo 43, do vixente Regulamento Xeral de Policía de Espéctáculos Públicos e Actividades Recreativas, aprobado por Real Decreto 2816/82, do 27 de Agosto.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Non se trataron nesta sesión.-

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.-

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-